

Manual de Usuario Espazos UDC

Versión 1.2.0-S3

Índice

1.	Introdución	. 5
2.	Autenticación na plataforma	. 5
3.	Estrutura da aplicación	. 5
4.	Actualizar datos do centro	. 6
5.	Configuración do algoritmo de asignación de estudantes no centro	. 8
6.	Execución do algoritmo	. 8
7.	Xestión de espazos e equipamento	. 8
	7.1. Eliminación dun espazo	. 10
	7.2. Edición dun espazo	. 11
8.	Xestión de permisos dun espazo ou equipamento	. 11
	8.1. Grupos de usuarios con permisos de reserva	. 12
	8.2. Xestión de requerimentos de validación das reservas dun espazo	. 12
9.	Dispoñibilidade dun espazo ou equipamento	. 13
10.	Creación de reservas	. 13
	10.1. Formulario de reserva	. 14
	10.2. Compoñente de calendario	. 15
	10.3. Tipos de reserva	. 15
	10.4. Reservas periódicas ou puntuais	. 17
	10.5. Vinculación a un grupo de materia	. 17
	10.6. Excepcións	. 18
11.	Cancelación de reservas	. 19
12.	Colisións entre reservas	. 20
13.	Edición de reservas	. 20
14.	Exportar calendario	. 20
15.	Titorías no centro	. 21
16.	Consulta de horarios de docencia	. 22
17.	Consultar o calendario de exames	. 23
18.	Bloquear reservas	. 24
19.	Xeración de horarios de docencia	. 24
20.	Asignar espazos a horario de docencia	. 26

21.	. Importar ou exportar horario de docencia	 27
22.	. Xestión de grupos de asignaturas	 28
23.	. Xestión de conxuntos de grupos de asignaturas (metagrupos)	 30
24.	. Xestión de alumnos en grupos de asignaturas	 32
25.	. Alertas de docencia	 33
26.	. Procura de espazos e equipamento	 34
27.	. Procura de titorías	 35
28.	. Xestión de alertas	 36
29.	. O meu horario	 36
	29.1. Configurar o meu horario	 37
30.	. O meu calendario de exames	 38
31.	. Establecer os meus grupos de docencia	 39
32.	. Os meus grupos de docencia	 41
33.	. Preferencia de horario de docencia	 42
34.	. As miñas reservas de espazos e equipamento	 43
35.	. As miñas titorías	 44
36.	Dispoñibilidade do centro	 44
37.	Actualizar centros	 45
38.	Configuración do algoritmo de asignación de estudantes a grupos	 46
39.	. Maestro de tipos de espazo e tipos de equipamento	 46
40.	Maestro de tipos de recursos	 48
41.	. Xestión de calendarios	 49
	41.1. Configuración do calendario laboral	 49
	41.2. Configuración do calendario de docencia	 50
	41.3. Xestión de calendarios laborais por centro	 52
	41.4. Xestión de calendarios docentes por titulación	 52
	41.5. Estender un calendario base	 53
42.	. Xestión de convocatorias de exames	 54
43.	. Xestión de permisos	 54
	43.1. Grupos de usuarios xestores	 55
	43.2. Grupos de usuarios con permisos de reserva	 55
	43.3. Xestión de requerimentos de validación das reservas	 56
44.	Xestión de solicitudes	 56
	44.1. Aceptar unha solicitude	 57
	44.2. Denegar unha solicitude	 57
45.	. Configuración de horarios de centros	 58
46.	Configuración de horarios de titulacións	 59
47.	. Xestión de horarios de docencia	 60

Índice de figuras

1.	Cabeceira común na aplicación de espazos	5
2.	Detalle da cabeceira cun usuario autenticado	6
3.	Ligazóns para a navegación	6
4.	Seccións do menú lateral da aplicación	6
5.	Actualizar datos do centro	7
6.	Resultados da actualización de datos do centro	7
7.	Configuración do algoritmo nun centro	8
8.	Execución do algoritmo	8
9.	Ligazóns relacionadas coa xestión de espazos e equipamento	9
10.	Listaxe paxinada de espazos	9
11.	Creación dun novo espazo	10
12.	Existencia de reservas asociadas a un espazo a ser borrado	11
13.	Xestión de permisos dun espazo	11
14.	Xestión de requerimentos de validación das reservas dun espazo	12
15.	Dispoñibilidade dun espazo	13
16.	Formulario de reserva dun espazo	14
17.	Calendario para reserva de datas	15
18.	Calendario de docencia	16
19.	Selector de titulación	16
20.	Reserva periódica	17
21.	Selector de semana mes e ano	17
22.	Exemplo de reserva vinculada a unha asignatura	18
23.	Configuración de excepcións dunha reserva periódica	18
24.	Exemplo de excepcións configuradas para unha reserva	19
25.	Cancelar unha reserva	19
26.	Información da reserva	19
27.	Información dunha colisión entre reservas	20
28.	Titorías no centro	21
29.	Formulario de procura de horarios de docencia	22
30.	Calendario coas reservas de docencia	22



31.	Exemplo de reserva periódica	23
32.	Consultar calendario de exames	23
33.	Pantalla para bloquear as reservas nun centro	24
34.	Pantalla que amosa un bloqueo de reservas activado	24
35.	Páxina de creación de horarios de docencia	25
36.	Asignación de espazos a horarios de docencia	26
37.	Asignación de espazos a horarios de docencia	27
38.	Páxina para exportar e importar horarios de docencia	28
39.	Importación de horario de docencia	28
40.	Xestión de grupos de asignaturas	29
41.	Grupos de docencia pertencentes á materia seleccionada	29
42.	Grupos de docencia pertencentes á materia seleccionada	30
43.	Formulario da xestión de conxuntos de grupos de asignaturas	30
44.	Xestión de conxuntos de grupos de asignaturas (pestana de creación)	31
45.	Xestión de conxuntos de grupos de asignaturas (pestana de visualización)	32
46.	Formulario da pantalla de xestión de alumnos en grupos de asignaturas	32
47.	Sección de xestión de alumnos en grupos de asignaturas	33
48.	Formulario de introdución do ano académico e alertas críticas	34
49.	Alertas de carácter informativo	34
50.	Procura de espazos	35
51.	Buscador de titorías	36
52.	Enlace que indica as alertas existentes	36
53.	O meu horario	37
54.	Configuración do meu horario	38
55.	O meu calendario de exames	39
56.	Páxina de establecemento da docencia por parte de cada profesor	40
57.	Establecemento da docencia por parte dun profesor en múltiples períodos	40
58.	Visualización das asignacións a grupos de docencia por parte de cada profesor	41
59.	Páxina na que cada profesor pode ver cales son os seus grupos de docencia e quen forma parte deles	42
60.	Páxina de selección de preferencia de horarios	42
61.	Selección de preferencia de horarios cunha preferencia xa seleccionada	43
62.	Páxina de As miñas reservas de espazos	43
63.	As miñas titorías	44
64.	Dispoñibilidade do centro	45
65.	Lista de tipos de espazos	46
66.	Configuración das letras que necesita o algoritmo	46
67.	Lista de tipos de espazos	47
68.	Creación dun novo tipo de espazo	47

69.	Lista de tipos de recursos	48
70.	Creación dun novo tipo de recurso	48
71.	Xestión de calendarios	49
72.	Xestión de calendario laboral	50
73.	Xestión de calendario docente	51
74.	Adaptación de calendario laboral por centro	52
75.	Adaptación de calendario docente por titulación	53
76.	Estender un calendario base	53
77.	Páxina de xestión de convocatorias de exames	54
78.	Xestión de permisos	55
79.	Xestión de grupos de usuarios que non precisan validación deshabilitada	56
80.	Solicitudes pendentes de revisión	56
81.	Información da solicitude	57
82.	Ventá para denegar unha solicitude	58
83.	Xestión de horarios de centros	58
84.	Xestión de horarios de titulacións	59
85.	Edición dun horario dunha titulación	60
86.	Xestión de horarios de docencia: horarios (formato antigo)	60
87.	Xestión de horarios de docencia: horarios (novo formato)	61



1. Introdución

A aplicación Web de **Espazos da UDC** permite dar soporte á xestión centralizada dos recursos cos que a UDC conta. As tarefas que poden levarse a cabo a través de Espazos resúmense baixo os seguintes epígrafes:

- Engadir ou eliminar espazos, así como o equipamento co que conta cada un destes espazos (pizarras, proxectores, etc.)
- Manter un rexistro dos espazos dispoñibles, permitindo aos usuarios que así o precisen facer una reserva sobre eles para empregalos durante un tempo definido.
- Xestión de calendarios e horarios de centros e titulacións.
- Xestión de alumnos, profesores e grupos de docencia en función do ano académico, a titulación e a materia correspondente,
- Xestión de horarios de docencia.

2. Autenticación na plataforma

A autenticación na plataforma realízase por medio do CAS da UDC. Unha vez que o usuario está autenticado, a aplicación presenta diferentes funcionalidades dependendo do tipo de usuario establecido na ferramenta. Os roles de usuario soportados son os seguintes:

- **Xestor dos espazos dun centro** Son os usuarios que teñen permisos para dar de alta ou modificar os datos dos espazos dun centro. Estes usuarios tamén poderán, para ese centro, xestionar as extensións precisas aos calendarios base.
- Validador de reservas dun centro Os usuarios que conten con este privilexio poderán aprobar ou denegar as reservas que requiran validación para un centro determinado.
- Administrador dos espazos Será aquel usuario ou grupo de usuarios que poderán xestionar os maestros da aplicación (tipos de espazos e tipos de recursos), crear ou modificar os calendarios base da plataforma e xestionar as datas de comezo e fin de cuadrimestres.

Profesor É todo aquel usuario que imparte clases dalgunha materia nalgún centro da universidade.

Estudante ou alumno Son os usuarios que están inscritos nalgunha titulación da universidade.

3. Estrutura da aplicación

A aplicación de espazos mantén unha estrutura xenérica en tódalas páxinas que a conforman. Esta estrutura segue o deseño da aplicación de Servizos UDC, formada por unha cabeceira, un menú lateral e unha zona central onde se situará o contido das distintas páxinas da aplicación. Esta estrutura é a mesma para calquera tipo de usuario da plataforma.

Cabeceira

A cabeceira común a tódalas páxinas da aplicación de espazos garda o aspecto seguinte:



manual de usuario marcos.muino | pechar sesión

Figura 1: Cabeceira común na aplicación de espazos

Está formada por:



- Unha imaxe que fai referencia á Universidade da Coruña.
- A aplicación saudará ao usuario autenticado a través do seu *login* e ademáis engádese unha ligazón para pechar a sesión. Tamén se mostra unha ligazón para obter o manual de usuario.

manual de usuario marcos.muino | pechar sesión

Figura 2: Detalle da cabeceira cun usuario autenticado

• Unha serie de ligazóns que permiten ao usuario saber por cales páxinas está navegando a modo de *migas de* pan¹.

espazos udc » búsqueda de espazos

Figura 3: Ligazóns para a navegación

Menú lateral

O menú lateral da aplicación está composto de dúas seccións, unha coas opcións propias de cada tipo de usuario da aplicación (1) e outra con ligazóns a outros servizos dispoñibles da UDC (2). A apariencia deste menú pódese ver na figura 4.



Figura 4: Seccións do menú lateral da aplicación

4. Actualizar datos do centro

Os xestores de centro poden actualizar os datos asociados ao centro que administran mediante a páxina *Actualizar datos de centro*, accesible nunha ligazón situada xusto debaixo do selector de centro lateral. A estrutura desta páxina vese na figura 5.

¹http://es.wikipedia.org/wiki/Hilo_de_Ariadna



Zona de administración: actualización de datos

Actualizar listado do titulocióna, motorios o grupos do docencia
Actualizar listado de titulacions, materias e grupos de docencia
Actualizar alumnos do centro

Figura 5: Actualizar datos do centro

Unha vez seleccionado o ano académico en virtude do cal se van actualizar os datos, o administrador pode escoller entre facer tres tipos de actualizacións, cada unha delas executada pulsando o seu respectivo botón: actualizar os estudantes do centro, os profesores que imparten aulas nel e actualizar as titulacións, as materias, e os grupos de docencia.

Para calquera destas tres operacións, unha vez finalizada a operación e recuperados os datos, a pantalla amosa, a modo de resumo, unha relación das entidades creadas, eliminadas e actualizadas. Este resumo pode apreciarse na figura 6.

Informe de resultados	
Titulacións	
Engadidas:	
	Non existen cambios
Eliminadas:	
	New suister combine
Actualizadas	Non existen campios
Actualizadas.	
	Non existen cambios
Materias	
Engadidas:	
Prácticas en Empresas	
Eliminadas:	
Métodos Estatísticos / Prácticas en Empresa	
Actualizadas:	
	Non existen cambios
Grupos de docencia	
Engadidos:	
	Non existen cambios
Eliminados:	
Actualizadas	Non existen campios
nuuan28005.	
	Non existen cambios

Figura 6: Resultados da actualización de datos do centro



5. Configuración do algoritmo de asignación de estudantes no centro

A execución do algoritmo que distribúe os estudantes nos distintos grupos de docencia pode personalizarse en función do centro. Así, o administrador de cada centro pode establecer a data límite de execución nese centro en concreto, que será dependente do ano académico en cuestión. Se xa hai unha data establecida, o campo para introducir a data aparecerá cuberto coa data en cuestión, tal e como ilustra a figura 7, a pantalla queda cun formulario para seleccionar o ano académico primeiro e a data límite despois. No caso de que se intente gardar unha configuración sen que exista unha configuración previa das letras do algoritmo por parte do administrador, amosarase unha mensaxe de advertencia, sen que se execute ningún cambio.

Configuración do algoritmo para asignar estudantes a grupos de docencia

Ano académico	2018/2019 ᅌ
Data límite de	
execución	31/10/2018
Gardar	

Figura 7: Configuración do algoritmo nun centro

6. Execución do algoritmo

O algoritmo executarase automaticamente todos os días ata alcanzar unha data límite. Non obstante, os xestores de centros tamén poderán forzar manualmente a súa execución nun momento dado. Para isto, teñen á súa disposición a ligazón *Execución do algoritmo*, que permite a súa execución manual. Esta pantalla, como pode apreciarse na figura 8, amosa a configuración existente nese momento para o ano académico en curso e permite lanzar a execución do algoritmo co botón *executar*. No caso de que falte algún parámetro de configuración ese ano académico (é dicir, que o administrador non introducise as letras que dirixen o algoritmo ou que o xestor de centro non establecese a data límite de execución nese centro) amosa unha mensaxe a modo de notificación, sen que haxa opción de executalo manualmente.

Execución do algoritmo para asignar estudantes a grupos de docencia

Ano académico: 2018/2019
Execución automática do algoritmo ata: 31/10/2018 (diariamente ás 02:00)
A execución partirá das letras SI (1º apelido) e MA (2º apelido)
Executar

Figura 8: Execución do algoritmo

7. Xestión de espazos e equipamento

Cando se seleccione un centro no selector do menú lateral, amosarase a sección de xestión de espazos e equipamento de dito centro. No menú lateral aparecerán ligazóns relacionadas con dita xestión.





Figura 9: Ligazóns relacionadas coa xestión de espazos e equipamento

A continuación detallaranse as opcións relativas aos espazos, sendo as opcións de equipamento totalmente equivalentes. No caso de existir algunha diferenza significativa, esta detallarase.

Premendo no enlace *lista de espazos* poderase acceder á páxina de lista de espazos. Na figura 10 pode verse a táboa paxinada de espazos engadidos.

Nome	Tipo de espazo	Capacidade	Recursos	
Aula 2.0	1 Aula	50	Pizarra 2 Proxector 1 4	 <u>Editar</u> <u>Eliminar</u> <u>Dispoñibilidade</u>
Aula 2.1	Aula	50	Pizarra 2 Proxector 1	 <u>Editar</u> <u>Eliminar</u> <u>Dispoñibilidade</u>
Aula 2.2	Aula	50	Pizarra 2 Proxector 1	 <u>Editar</u> <u>Eliminar</u> <u>Dispoñibilidade</u>
Salón de actos	Salón	250	Proxector 1 Equipo De Son 1 Micrófono 10	 <u>Editar</u> <u>Eliminar</u> <u>Dispoñibilidade</u>

Lista de espazos » FACULTADE DE INFORMATICA

Figura 10: Listaxe paxinada de espazos

Os puntos que se poden identificar nesta páxina son os seguintes:

- 1. Información relevante sobre o espazo engadido.
- 2. Ligazón para editar o espazo.
- 3. Ligazón para eliminar o espazo.
- 4. Ligazón para ver a súa dispoñibilidade.

Premendo na ligazón *alta de novo espazo* do menú lateral poderase acceder á paxina de creación dun novo espazo. Na figura 11 pode verse a páxina de creación dun espazo.



Alta de novo espazo » Facultade de Informática

Nome]
Tipo de espazo Aula 🗘	1
Ubicación]
Capacidade	
Recursos	
2 Pizarra ≎ 1	- 3
Engadir recurso 4	
Resursos adicionais	
5	
Plano interior (máx. 2mb) Browse No file selected. 6	5
	Gardar 7

Figura 11: Creación dun novo espazo

Os puntos que se poden identificar nesta páxina son os seguintes:

- 1. Formulario cos campos a ser cubertos relevantes a un espazo (os campos *Capacidade* e *Recursos* non aplican no caso da alta dun novo equipamento).
- 2. Lista de recursos dun espazo.
- 3. Botón de eliminación dun recurso do espazo.
- 4. Ligazón para engadir un novo recurso ó espazo. Estará oculta no caso de non existir ningún tipo de recurso creado.
- 5. Área para poder engadir unha enumeración de recursos adicionais (este campo será para información adicional na alta de equipamento).
- 6. Campo para engadir unha imaxe do plano do espazo.
- 7. Botón de gardado do espazo no sistema.

7.1. Eliminación dun espazo

Para eliminar un espazo tan só é necesario premer a ligazón de eliminar na páxina de lista de espazos e este será completamente eliminado do sistema. O espazo pode que teña reservas asociadas, nese caso aparecerá unha ventá que informará ao usuario desta situación. O usuario poderá de todas formas eliminar o espazo e as súas reservas asociadas. A ventá pode verse na figura 12.



lor 2.0	Se elimina este espazo todas as reservas realizadas para	a o mesmo serán eliminadas
r _		Cancel OK



7.2. Edición dun espazo

Dende a páxina de lista de espazos poderase editar un dos espazos xa existentes premendo a ligazón de *editar*. A páxina resultante de dita acción contén dúas pestanas. A primeira pestana é de edición dos datos do espazo, mentres que a segunda é de configuración dos permisos de tratamento dun espazo.

A páxina de edición é a mesma que a de creación dun espazo, pero o formulario figura cuberto cos datos do espazo que se está a editar. Aí poden ser modificados e posteriormente, en caso de premer o botón de gardado, os cambios serán almacenados no sistema.

A páxina de xestión de permisos dun espazo será motivo de explicación na sección subseguinte.

8. Xestión de permisos dun espazo ou equipamento

A xestión de permisos é exactamente igual para un espazo que para un equipamento. A continuación coméntase para o caso dos permisos dun espazo.

A páxina de xestión de permisos dun espazo é a que se mostra na figura 13.

Dat	os do espazo	Xestión de permisos			
0	rupos de usus	arios con permisos de re	serva		
	siupos de usua	anos con permisos de re	serva		
	\checkmark (centro.reserva			1
	е	spazo.reserva		-	1
) +	
□ So	bbreescribir pe As solicitudes	rmisos de validacións he de reserva precisan val	rdados do centro idación		2
					3

Figura 13: Xestión de permisos dun espazo

Nesta páxina pódense distinguir os seguintes puntos:

- 1. Grupos de usuarios con permisos de reserva para o espazo.
- 2. Configuración de requerimentos de validación das reservas sobre o espazo.



3. Grupos de usuarios que non precisan validación para as reservas do espazo.

8.1. Grupos de usuarios con permisos de reserva

1

O xestor do centro poderá decidir se os usuarios con permisos de reserva para un centro poden realizar ou non reservas para un espazo concreto dese mesmo centro. Tamén poderán engadir novos usuarios ou eliminar usuarios xa existentes.

No recadro de grupos de usuarios con permisos de reserva poderanse ver os usuarios que teñen permisos para o centro ao que pertence o espazo. Mediante o check asociado poderase habilitar ou deshabilitar este permiso herdado para o espazo en concreto.

A maiores dos grupos de usuarios herdados do centro, poderanse crear novos grupos propios para o espazo, permitindo crear un grupo xa existente no centro. Isto permite seguir mantendo o control sobre dito grupo, xa que se se elimina o grupo do centro, éste tamén se eliminaría para o espazo, xa que non o herdaría.

8.2. Xestión de requerimentos de validación das reservas dun espazo

Un espazo xestiona as validacións das reservas que nel se realicen a través dun mecanismo de herdanza. Cada espazo herdará os permisos de validación sobre as reservas segundo a configuración establecida no seu centro.

Un espazo concreto permite sobreescribir o comportamento anterior, restrinxindo a ausencia de validación das reservas nese espazo a un grupo con eses permisos no seu centro, ou engadindo un novo grupo de usuarios que permita a creación de reservas sen necesidade de validación para ese espazo e que non se atope entre os grupos de usuarios que non precisen validación das reservas dos espazos configurados no centro.

Este comportamento anterior que permite ampliar os permisos de validación dentro dos espazos dun centro realízase co check que se pode apreciar no punto 1 da figura 14.

Sobreescribir perm	isos de validacións herdados do centro	
2 🗹 As solicitudes d	e reserva precisan validación	
Grupos de	usuarios que non precisan validación	
3 🗸	xestor.espazos	
		+

Figura 14: Xestión de requerimentos de validación das reservas dun espazo

Ao pulsar neste check, estarase indicando que se empregarán como permisos de validación das reservas dese espazo os que se atopan definidos no propio espazo. Esta acción provoca que se habilite a sección inferior (punto 2 na figura 14) onde se localiza outro check que por defecto aparecerá desactivado, indicando que non se requerirá validación para as reservas dese espazo.

Se se preme nese check, estarase indicando que as solicitudes de reserva para ese espazo necesitarán de validación e habilitarase o recadro inferior (punto 3 na figura 14), onde aparecerán inicialmente listados os grupos de usuarios herdados do centro que non precisan validación para as reservas dos espazos (co respectivo check para habilitar/deshabilitar).

A maiores dos grupos de usuarios herdados do centro, poderanse crear (e eliminar) novos grupos que non precisen validación á hora de solicitar unha reserva para o espazo, permitindo crear un grupo xa existente e herdado do centro coma no caso anterior cos grupos de usuarios con permisos de reserva.

Se se desexa voltar aos permisos de validación para as solicitudes de reserva que se estableceron no centro, basta con desmarcar o check inicial (punto 1), que permitía a sobreescritura dos mesmos, e de forma automática deshabilitaranse as seccións inferiores que permitían a configuración dos permisos de validacións das solicitudes dese espazo en concreto, mantendo o último estado de permisos configurado por se se desexan recuperar nalgún momento.



9. Dispoñibilidade dun espazo ou equipamento

A páxina de dispoñibilidade dun espazo pode ser accedida dende a lista de espazos ou dende a procura de espazos premendo no enlace de *dispoñibilidade* dun espazo en particular.

A páxina de dispoñibilidade pode apreciarse na figura 15. Na parte superior móstrase información relativa ao espazo.

Na parte inferior apréciase un calendario a nivel de semana onde se poden ver as ocupacións do espazo nunha semana concreta. A semana pódese seleccionar mediante os selectores de semana, mes e ano. Os días festivos do calendario laboral móstranse en cor vermello. As reservas veranse cunha cor particular segundo o seu tipo e cun comentario para entender que tipo de reserva é.

aula de	e graos						
Capacid Recurso • pizarra	lade 23 pers os a: 1	oas	Ubicación Plano inte • Non hai	location rior plano asignado)	Solid	itar reserva
	۵	Sem. 22/0	4-28/04 🗘	abril	\$ 2013	\$	
	Luns 22	Martes 23	Mércores 24	Xoves 25	Venres 26	Sábado 27	Domingo 28
07:00							
07:30							E
08:00)
08:30					seminario		
09:00							
09:30							
10:00				mante sem			
10:30							

Dispoñibilidade » aula de graos



A páxina de dispoñibilidade dun equipamento é igual á do espazo, mostrando aquela información relativa ao equipamento.

10. Creación de reservas

Na aplicación pódense realizar reservas tanto de espazos como de equipamento. Nesta sección detállase o proceso para a creación dunha reserva dun espazo, sendo o mesmo proceso para a creación dunha reserva de equipamento. No caso de existir algún punto diferenciador, éste será detallado.



Dende a páxina de dispoñibilidade dun espazo pódese acceder á páxina de realización de reservas para o espazo premendo no botón de *solicitar reserva*.

10.1. Formulario de reserva

O formulario de solicitude de reservas pódese ver na figura 16, onde se distinguen os seguintes puntos:

Solicitar reserva » Aula 2.1a	1 Lenda	de cores
Tipo de reserva Levento Exame Seleccione titulación 2 Comentario 3	 Puntual 4 Periódica Periodicidade Data de comezo Data de fin Configurar excepcións 6 	5
Gardar 7		

Figura 16: Formulario de reserva dun espazo

- 1. Selección de tipo de reserva (no caso dunha reserva de equipamento, só existirán os tipos *evento* e *mantemento*). En caso de que se seleccione unha reserva de exame, aparecen xusto debaixo os seguintes elementos:
 - Selector de ano académico.
 - Selector de curso.
 - Selector de materia.
 - Check para poder vincular a reserva a un grupo de docencia concreto. En caso de marcarse, aparece un selector con todos os grupos asociados á materia previamente escollida.
 - Check para asociar logins de profesores ao exame en cuestión. Se está marcado, aparece un enlace que permite engadir logins un a un, cada un deles asociado a outro elace que permite a súa eliminación.
- 2. Selección de titulación (só se habilita no caso de ter seleccionado reserva de exame. Non aplica nos equipamentos).
- 3. Comentario sobre a reserva a realizar.
- 4. Selector para indicar se a reserva é puntual ou periódica.
- 5. Campos para establecer a reserva periódica. Se a reserva é periódica haberá que indicar a periodicidade da mesma e durante que datas terá efecto dita reserva periódica.
- 6. Configuración de excepcións. Para reservas periódicas poderanse configurar días nos que o espazo quedará libre de forma excepcional dentro do rango de datas da reserva.
- 7. Botón de solicitude de reserva. Almacenará no sistema tanto os datos introducidos no formulario de reserva coma os introducidos no calendario que será explicado a continuación.



10.2. Compoñente de calendario

Para poder determinar os días e rangos de horas nos que se quere realizar unha reserva utilizarase un calendario coma o que se amosa na figura 17.



Figura 17: Calendario para reserva de datas

Neste calendario pódense distinguir as seguintes seccións:

- 1. Selector de semana.
- 2. Selector de mes.
- 3. Selector de ano.
- 4. Navegador de semanas. Poderase ir á seguinte ou anterior semana da mostrada.
- 5. Táboa de selección. Para cada día poderase facer unha selección de horas nas que se quere reservar o espazo. Para iso haberá que premer nunha cela da táboa e definir o rango de datas de reserva para ese día.
- 6. Ventá de selección de horas.

10.3. Tipos de reserva

A aplicación soporta tres tipos diferentes de reservas a solicitar:

- Evento: Reservas dun espazo para a organización dun evento.
- Mantemento: Reservas dun espazo por labores de mantemento.
- Exame: Reservas para a realización dun exame (non soportado nas reservas de equipamento).



O calendario de selección de datas será o mesmo para as reservas de evento e mantemento. Neste caso, terase en conta o horario do centro e os festivos do calendario laboral coas configuracións para o centro ao que pertence o espazo. Un exemplo deste calendario pode verse na figura 17.

Non obstante, para as reservas de exame o calendario será diferente. Teranse en conta o horario da titulación seleccionada e os festivos, tanto os do calendario de docencia, coas súas configuracións para a titulación seleccionada, coma os do calendario do centro. Un exemplo dun calendario docente pode apreciarse na figura 18. Neste caso, haberá que seleccionar cela a cela para reservar os diferentes tramos horarios.

	04	Sem. 22/0	4-28/04 🗘	abril	\$ 2013	۵۹ (ټ	
	Luns 22	Martes 23	Mércores 24	Xoves 25	Venres 26	Sábado 27	Domingo 28
12:00							Â
12:30							
13:00							
13:30							
15:00							=
16:00							
17:00							



Cando se selecciona unha reserva de exame hai que seleccionar a titulación á que corresponde. O selector de titulación móstrase na figura 19. Nese despregable, aparecerán só as titulacións asociadas ao centro ao que pertence o espazo no que se fai a reserva, filtradas ademais segundo teñan configurado un horario (ver a sección Configuración de horarios de titulacións). Unha vez seleccionada a titulación correspondente, deben configurarse o ano académico, o curso e a materia mediante os seus respectivos selectores.

EventoExame	Seleccione titulación ✓ Grao en Enxeñaría Informát	ca (614G01V01)
Ano académico	2018/2019	Data de comezo
Curso	Seleccione curso	Data da fin
Materia	Seleccione materia	Data de lin
Vincular a gru Configurar log	po de materia jins de profesores	Configurar excepcións

Figura 19: Selector de titulación



10.4. Reservas periódicas ou puntuais

Unha reserva periódica será unha reserva que aconteza de forma repetida durante un intervalo de tempo definido. A reserva será para uns días determinados nuns rangos de horas determinados. A periodicidade coa que se repite pode ser semanal ou quincenal e poderá ser configurada no formulario de reserva (figura 20). As datas de comezo e de fin tamén serán establecidas no formulario de reserva. Os días e as horas da reserva marcaranse seleccionando as celas requiridas no calendario.

○ Puntual● Periódica	
Periodicidade	Semanal 🗘
Data de comezo	02/05/2013
Data de fin	27/09/2013
Configurar exc	epcións

Figura 20: Reserva periódica

Unha reserva puntual será para un día determinado nuns rangos de horas determinados. O compoñente de calendario terá na súa parte superior un selector de semana, mes e ano (figura 21) para reservar o espazo en momentos puntuais.



Figura 21: Selector de semana mes e ano

10.5. Vinculación a un grupo de materia

Como se pode comprobar no formulario de reserva da figura 16, existe a posibilidade de poder vincular unha reserva a un grupo dunha materia. Esta opción só está dispoñible para as reservas de espazos. A vinculación de reservas a grupos de materias só se pode dar para as reservas de exames. Se se selecciona dita configuración e ademais se escolle unha titulación, o check de vinculación habilitarase. O campo do comentario permanece oculto, sendo este establecido co nome da asignatura que se vincula. O selector de grupo de docencia de materia poderá cubrirse cunha opción de entre todos os grupos asociados a esa materia no ano académico escollido.

Se hai unha materia seleccionada, automaticamente habilitaranse outro campo a maiores, co que poderemos engadir *logins* de profesores da asignatura.

Na figura 22 pódese observar un exemplo do formulario de reserva dunha reserva de exame.



Solicitar reserva » A.2 1a

		O Puntual		
-		O Periódica		
Evento	Mantemento	Periodicidade		
Exame	Grao en Enxeñaría Inform ᅌ	renouicidade		
no académico	2018/2019	Data de comezo		
Curso	2	Dete de fin		
Materia	Bases de Datos ᅌ	Data de fin		
		Configurar except	ocións	
Vincular a grup	oo de materia			
Grupos	2.BD.21 🗘			
existentes				
Configurar log	ins de profesores			
 Engadir log 	in			
Login login.pro	fesor1 –			
Login login.pro	fesor2			

Figura 22: Exemplo de reserva vinculada a unha asignatura

10.6. Excepcións

Se a reserva que imos crear é unha reserva periódica, os campos para configurar excepcións aparecerán habilitados, como se puido observar na anterior figura 20.

Se marcamos o check de Configurar excepcións aparecerannos uns campos para poder establecer rangos de excepcións ou excepcións en datas concretas (figura 23). O espazo quedará libre de forma excepcional nas datas que engloban os rangos introducidos ou as datas concretas establecidas.



Figura 23: Configuración de excepcións dunha reserva periódica

Se se desexa realizar algún cambio relacionado con algunha das restricións enumeradas con anterioridade débese de cancelar a reserva e volver a crear unha nova. A continuación, na figura 25, amósase un exemplo de reserva con dúas excepcións puntuais e outra dun rango de datas.



☑ Configurar excepcións
+ Engadir rango
Dende 22/07/2013 Ata 28/07/2013 -
+ Engadir data
Excepción 15/07/2013 -
Excepción 31/07/2013 -

Figura 24: Exemplo de excepcións configuradas para unha reserva

11. Cancelación de reservas

As reservas poderán ser canceladas premendo na ligazón correspondente dentro de cada rango seleccionado. Só poderán cancelar reservas o usuario propietario da reserva, o usuario xestor do centro e o administrador. A figura 25 reflicte esta situación.



Figura 25: Cancelar unha reserva

Como se pode observar na figura 26, cando se prema na ligazón de cancelar unha reserva aparecerá unha ventá na que se mostra a información relevante da reserva e un botón para proceder a cancelar a reserva.

-1	Datos da reserva a o	cancelar	×	
	Centro: Nome espazo: Usuario: Datas de reserva: Comentario:	CASA DO LAGAR Aula 2.0 marcos.muino 15/05/2013 Revisión do proxector		
			Cancelar reserva Volver	-

Figura 26: Información da reserva

As reservas canceladas xa non se mostrarán nos calendarios.



12. Colisións entre reservas

Cando se estea creando unha nova reserva, pode darse o caso de que se seleccionen datas ou rangos no calendario nos que xa existe outra reserva no sistema. Isto provocará unha colisión entre a reserva que se está a crear e a reserva ou reservas que xa estean establecidas. De producirse unha colisión, a aplicación mostra unha ventá, reflectida na figura 27, que indica dita situación e mostrando información relevante das reservas implicadas na colisión.

Espazo non dispor	iible para a rese	erva		×
O espazo a reservar n Está ocupado polas se	on se atopa dispoñ eguintes reservas:	ible para a selección d	e datas e horas	proporcionada.
Comentario	Usuario	Data de comezo	Data de fin	
Limpeza da sala	marcos.muino	10/05/2013	30/08/2013	Ver detalles
				Aceptar

Figura 27: Información dunha colisión entre reservas

13. Edición de reservas

As reservas creadas que aínda non fosen aceptadas poderán ser modificadas. Para acceder á páxina de edición de reservas debemos premer o enlace *Modificar* asociado á reserva que queremos editar na páxina *as miñas reservas*. Pódese ver esta situación na figura 62.

Existen varias restricións na edición das reservas:

- Unha reserva periódica non pode cambiarse a unha reserva puntual e viceversa.
- Unha reserva de exame non pode cambiarse a unha de non exame e viceversa.
- Non se pode cambiar a titulación nunha reserva de exame.
- Se a reserva ten unha asignatura vinculada, ésta non poderá ser modificada.

14. Exportar calendario

Como se puido apreciar na figura 15, pódese exportar o calendario das reservas que pertencen a un espazo determinado premendo o botón *Exportar calendario*. A aplicación devolveranos un ficheiro *.ics* que contén todos os eventos que se



desenvolvan no espazo dentro do ano actual, e que se poden importar na ferramenta de xestión de calendarios que utilicemos acotío.

Ademais, non soamente se poden importar os eventos a un calendario, senón que tamén existe a opción de crear calendarios "vivos". Este tipo de calendarios créanse a partir dunha URL e permiten a sincronización dos eventos, engadindo ou eliminando eventos se estes cambian na aplicación.

Para obter a URL situámonos enriba do botón de *Exportar calendario*, prememos o botón dereito do rato e seleccionamos a opción *Copiar ubicación do enlace*. A URL que se obtén exportará o calendario para o ano actual. Se se precisa o calendario para outro ano é necesario engadir á URL un parámetro que indique dito ano. Para iso bastará con engadir ao final da URL obtida ?year=<ano-deseado>, sendo <ano-deseado> un valor válido para un ano. Un exemplo podería ser ?year=2018, co que obteríamos o calendario para o ano 2018. Se se indica un ano no que ainda non existe un calendario definido, a aplicación devolverá un calendario baleiro. Por outra banda, se se indica un ano incorrecto, a aplicación devolverá o calendario para o ano actual.

Tamén poderemos exportar o calendario de reservas dun determinado equipamento. O procedemento é similar ao descrito para as reservas de espazos.

15. Titorías no centro

Os estudantes poderán coñecer as titorías dos profesores naqueles centros nos que estean matriculados. Desta forma, a ligazón da barra lateral *Titorías no centro* permite o acceso a unha páxina na cal se presentan as titorías que estableceu cada profesor do centro seleccionado, distribuídas en tres seccións diferentes, segundo a época do curso: primeiro cuadrimestre, segundo cuadrimestre e segunda oportunidade. Dentro de cada unha destas tres seccións, aparecen os profesores que estableceron algunha titoría en dito período, por orde alfabética, coas titorías representadas nunha táboa que contén os días da semana, as horas e os lugares das mesmas. Na parte superior da pantalla existen tres enlaces que permiten que situar a pantalla en cada unha das devanditas seccións. Esta páxina reflíctese na figura 28.

Titorías no centro

Primeiro cuadrimestre Segundo cuadrimestre Segunda oportunidade

Primeiro cuadrimestre

Desferre	Horario		l continentá e	
Protesor	Día	Hora	Localización	
Anunda Martín María Falinidad	Mércores	11:00 - 13:30	despacho	
Aguado Martin, Maria Felicidad	Xoves	11:00 - 12:30	despacho	
	Luns	10:00 - 12:00	despacho 320	
Alonso Betanzos, María Amparo	Martes	10:00 - 12:00	despacho 320	
	Mércores	12:00 - 14:00	despacho 320	
Alama Dania Minual Áraul	Martes	11:00 - 13:00	Despacho 2.17, ext:1338	
Alonso Pardo, Miguel Angel	Mércores	11:00 - 13:00	Despacho 2.17, ext:1338	
	Martes	15:00 - 16:30	D. 1.15	
Amor López, Margarita	Mércores	10:00 - 13:00	D. 1.15	
	Xoves	15:00 - 16:30	D 1.15	
	Mércores	11:30 - 13:30	Despacho 3.13 da Área Científica	
Andrade Canosa, Diego	Xoves	11:30 - 13:30	Despacho 3.13 da Área Científica	

Figura 28: Titorías no centro



16. Consulta de horarios de docencia

Premendo na ligazón *Consulta de horarios de docencia* dispoñible no panel lateral da aplicación, accederemos a unha páxina que permitirá ver o horario de docencia publicado para unha titulación, un curso e un cuadrimestre dado. Na figura 29 podemos observar os campos do formulario de procura.

Horario de docencia » FACULTADE DE INFORMATICA	io de docencia » FACULTADE DE II	INFORMATICA	
--	----------------------------------	-------------	--

Titulación	Seleccione titulación	
Curso	Seleccione curso	
Cuadrimestre	Seleccione cuadrimestre	
		Buscar

